



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN SOBRE ACTUACIONES URGENTES PARA GARANTIR A RIQUEZA DO RÍO TINTO E DA SÚA RIBEIRA

O Río Tinto percorre a parte Oeste do concello de Teo, debuxando en algún dos seus tramos a fronteira cos concellos de Brión e, en menor medida, co de Rois. Este río, afluente do Sar, é o único río do concello de Teo na zona da Mahia, da que forma parte esta zona do concello.

O seu valor medioambiental, paisaxístico e etnográfico é importantísimo. Sobre el téndense diversas pontes, incluída a medieval coñecida coma “ponte romana” de Francos, e a poucos centos de metros atópase o importante castro Lupario. Ao longo de seu percorrido existen diversas zonas de muíños que ate hai un par de décadas prestaron un importante servizo para a supervivencia dos veciños e veciñas da zona. Nas súas ribeira medra unha importante masa arbórea composta por especies de ribeira como freixos e ameneiros, ademais de impresionantes carballos. A vexetación de ribeira, cunha alta necesidade de protección, é espectacular. Existe ademais unha poboación faunística na que destacan varias especies de anáticas, denosiñas, e ate o de agora una presenza importante de troitas, anguías e demais faina piscícola.

Este patrimonio incuestionable estase vendo ameazado, xa que nos últimos anos apareceron problemas que van minguando as calidades do río e da zona que atravesa. Así o abandono das explotacións forestais fai que se ceguen os camiños seculares por falta de uso, isto conxugado coa apertura de novas pistas forestais que requiren importantes movementos de terras e o nacemento de arros , provocan que moitas zonas do río e as súas ribeiras queden sen acceso. Moitos dos camiños de paso que abren coa súa actividade os pescadores de río atópanse mortos neste momento, descoñecemos se polo decaemento da riqueza piscícola do río ou como efectos colaterais do anterior.

As novas vías de comunicación facilitan o acceso de vehículos a zonas apartadas, así mostrase en varios lugares acumulos de lixo, desperdicios e escombros.

A introducción das novas tecnoloxías e fontes de enerxía, muíños eléctricos, así como o abandono da actividade agrícola e gandeira predominante na zona ate os anos setenta, tiveron como efecto colateral o abandono dos métodos tradicionais de moer o millo e o os cereais. Isto axudou o abandono e deterioro dos muíños e das construcións anexas como as madres e canles.

A situación actual caracterízase polo abandono xeneralizado das ribeiras, dificultade de acceso en moitos tramos, deterioro e ruína nas construcións de ribeira e, coa facilidade que implica que non haxa testemuñas, cortas ilegais de árbores de ribeira protexidos e depósitos de lixo.

PROPOSTA

O grupo municipal do BNG propón unha serie de medidas urxentes, con independencia da necesidade que concretaremos proximamente dun planeamento global para as ribeiras dos ríos do concello, para frear o deterioro desta zona. O obxectivo final de todas elas é que a poboación se achegue ao río como medida que free a impunidad nas actuacións que se producen no seu entorno.

- **Creación dun roteiro de sendeirismo entre a ponte do río Tinto, na aldea de Río Tinto ate a ponte da Besada no Faramello. Este roteiro sería limpado e sinalizado polo concello de Teo na marxe esquerda do río. A limpeza de materia vexetal para facilitar a circulación complementarase coa limpeza do lixo urbano das ribeiras.**
- **Frear o deterioro dos muíños que están nas marxes do río Tinto, en especial o da “Revoltiña” os de Vilaverde e os de Francos. Independentemente da futuras actuación etnográfica na zona, o estado dos mesmo é tan grave que se non se fai algo é posible que non haxa posibilidade de recuperación.**
- **Instamos ao concello a que se planifique unha actuación etnográfica máis ampla, buscando para elo os fondos e apoios mediante os medios que estime oportunos.**
- **Que se establezan contactos co concello de Brión e Rois, para que acometan un plan similar ou, polo menos, para que minoren o nivel de degradación do río, as ribeiras e as construcións nos seus termos municipais.**

En Teo, a 15 de xullo de 2005

Asdo.: Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO